

PERSOAL PARA SERVIZO DE COIDADO INFANTIL NO FOGAR

A **Asociación de Familias Monomarentais de Galicia (FAGAMOS)** abre un proceso de selección para cubrir 6 vacantes de **PERSOAL PARA SERVIZO DE COIDADO INFANTIL A DOMICILIO**, co fin de executar a actuación “Vai Tranquila”, incluída no programa “Currunchiños de Conciliación”, financiado polo Ministerio de Igualdade a través da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia no marco do Plan Corresponsables.

FAGAMOS é unha entidade sen ánimo de lucro cuxo obxectivo é apoiar e representar ás familias galegas nas que a responsabilidade da crianza recae por completo nunha soa persoa, na maior parte dos casos mulleres, na loita polos seus dereitos e no desenvolvemento do seu benestar e o dos seus fillos e fillas.

“Vai tranquila” trátase dun servizo profesional de coidados básicos e atención no fogar de nenos e nenas ata 16 anos, dirixido prioritariamente a familias monoparentais, ante necesidades de conciliación durante o verán. Desenvolverase nos concellos de Vigo e Santiago de Compostela (con posibilidade de ampliación á súa zona de influencia), do 15 de xuño ao 30 de setembro de 2025. O servizo ofrécese de luns a domingo en horario de 06:00 a 22:00, organizado por quendas.

Descrición do posto

As persoas seleccionadas ocuparanse de accións vinculadas ao coidado e atencións a dispensar a menores de ata 16 anos de idade no seu propio domicilio para facilitar a conciliación familiar. Está excluída a realización de actividades relacionadas co servizo doméstico salvo que estas estean vencelladas estritamente ao benestar do/a menor. Principais tarefas a realizar:

- Realización de biberóns, almorzos ou comidas.
- Axuda para comer en función da idade ou características do/a menor.
- Dispensar coidados aos/ás menores enfermos/as en ausencia das persoas responsables.
- Tarefas relacionadas co aseo ou hixiene do/a menor.
- Acompañamento ao pediatra.
- Proporcionar menciñas en caso de enfermidades, segundo prescricións médicas e baixo a orientación da persoa responsable do menor.
- Planificación e realización de actividades de lecer.
- Apoio na realización de tarefas escolares.
- Outras relacionadas co acompañamento do menor fóra do fogar (parque, actividades de lecer...) nas zonas autorizadas, sempre dentro do mesmo concello)

Perfil: PROFESIONAL RELACIONADA/O COS COIDADOS A MENORES

Requisito imprescindible dispoñer dunha destas titulacións:

- Técnica/o superior en Animación Sociocultural e Turística
- Monitoras/es de lecer e tempo libre
- Técnica/o superior en Ensino e Animación Sociodeportiva
- Educación Infantil e Primaria
- Auxiliares de gardarfa e xardín de infancia
- Outras titulacións análogas que se enmarquen no ámbito do coidado

Valorable:

- Formación en materia de igualdade (axentes de igualdade, técnico/a superior en Promoción da Igualdade de Xénero, etc.).
- Pertencer a unha familia monoparental.
- Experiencia en voluntariado no terceiro sector.
- Residencia en Vigo ou Santiago de Compostela.
- Coche propio.

Competencias

- Altas aptitudes para a comunicación e as relacións humanas.
- Empatía, paciencia e comprensión coas persoas beneficiarias do servizo.
- Compromiso co equipo de traballo e coas persoas beneficiarias do servizo.
- Discreción, ética e fiabilidade persoal.
- Axeitada xestión do tempo. Dinamismo, iniciativa e proactividade.
- Adaptabilidade e flexibilidade ante o cambio.
- Resiliencia e asertividade.
- Identificación cos valores e fins de FAGAMOS.

Condicións da contratación

- Contrato temporal
- Xornada laboral de 16 ou 20 horas semanais.
- O contrato será obxecto de financiación a través do Plan Corresponsables
- Incorporación inmediata
- Lugar de traballo: Vigo ou Santiago de Compostela
- Remuneración acorde a Convenio Acción e intervención social

Enviar candidatura a info@fagamos.com, co asunto “**Selección servizo coidado menores + cidade (Vigo ou Santiago) + NOME E APELIDOS**”, achegando coa mensaxe:

- **CV actualizado**
- **Escrito expoñendo as razóns** polas que a persoa candidata considera que sería un acerto para FAGAMOS contar con ela para o posto. indicando dispoñibilidade horaria (máximo un folio).

